

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN DAS ESPECIES DE NÁIADES AMEAZADAS EN GALICIA.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 66/2023, do 14 de xuño, do seu nomeamento, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Universidade de Santiago de Compostela, representada por Antonio López Díaz en calidade de reitor, de acordo co Decreto 35/2022, do 17 de marzo, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e no artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. *Margaritifera margaritifera* (Linné, 1758) está incluída nos anexos II e V da Directiva 92/43/CEE, do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, anexos nos que se inclúen as especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación (ZEC) e aquelas que poderían ser sometidas a medidas de xestión para ser explotadas ou recollidas na natureza, respectivamente. Asemade a especie está incluída na categoría "En perigo de extinción" dos Catálogos español e galego de especies ameazadas.



SEGUNDO. Unha das medidas de xestión desta especie ameazada desenvolvida con éxito anteriormente en Galicia consiste na produción de exemplares xuvenís en instalacións *ex situ* para permitir o reforzamento das poboacións máis sensibles desta especie.

TERCEIRO. A Universidade de Santiago de Compostela a través do Grupo de Investigación COPEMOL "Conservación de Peixes e Moluscos" ven desenvolvendo unha liña de investigación baseada na bioloxía da conservación de peixes e moluscos e especialmente centrada nas náíades ameazadas de Galicia.

CUARTO. Que a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante, CMATV), en virtude do establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; o fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; a ordenación, conservación, protección, fomento e o aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais; a divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xea da Comunidade Autónoma galega, así como o desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural; a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; a conservación específica dos espazos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

QUINTO. Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar con outras entidades para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural co obxecto de manter ou, no seu caso, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica.

SEXTO. Que a CMATV xestiona, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o Centro ictioxénico do Veral (Lugo), no que se obteñen e crían salmónidos autóctonos



destinados á repoboación nos ríos galegos e no que se desenvolve desde o ano 2012, en colaboración coa USC, un proxecto para iniciar o ciclo reprodutivo de *Margaritifera margaritifera*, que pode servir ademais de referencia metodolóxica para desenvolver actuacións similares con outras especies náíades, que teñen ciclos biolóxicos moi semellantes.

SÉTIMO. A sinatura deste convenio supón un paso máis na conservación das náíades en Galicia e moi especialmente de *Margaritifera margaritifera* a especie de molusco doceacuícola máis ameazada na nosa comunidade autónoma.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMATV e a USC establecen o presente convenio con acordo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMATV e a USC para o desenvolvemento de actuacións de conservación das especies de náíades ameazadas en Galicia.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA USC

A USC comprométese a:

1º. Desenvolver os procedementos e metodoloxías necesarias para coordinar as actuacións de reforzamento poboacional de *Margaritifera margaritifera* nunha bacía cantábrica coa produción de salmónidos no Centro ictioxénico do Veral, que se desenvolverá consonte o descrito no anexo I deste convenio.

2º. Realizar un reforzamento poboacional de *Margaritifera margaritifera* na bacía do río Ulla baixo a coordinación e supervisión da CMATV, que se desenvolverá consonte o descrito no anexo I deste convenio.

3º. Asesorar e prestar apoio técnico no cultivo de bivalvos doceacuícuolas así como no estado sanitario e xenético dos peixes que se utilizan como hospedadores das larvas destas especies.

4º. Asesorar e prestar apoio técnico en actuacións e programas de restauración e de recuperación das especies de bivalvos doceacuícuolas e dos seus hábitats.



- 5º. Elaborar os informes e documentos técnicos que lles sexan solicitados pola CMATV en relación coa conservación das especies de bivalvos doceacuícuolas e dos seus hábitats.
- 6º. Usar as instalacións do Centro ictioxénico do Veral para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio.
- 7º. Realizar as obras de mantemento ou acondicionamento que se estimen necesarias para desenvolver as as actuacións obxecto deste convenio, sendo preciso contar coa autorización expresa e previa da CMTV sen que dean lugar a indemnización por parte da Vicepresidencia segunda e Consellería.
- 8º. Dispor da oportuna póliza de seguros, co fin de asumir todas as responsabilidades legais que se poidan derivar das actividades desenvolvidas.
- 9º. Designar un técnico/a que actuará como interlocutor entre a Consellería e a USC que establecerá as pautas para a coordinación e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio.
- 10º. Colaborar e participar xunto coa CMATV nos actos de difusión e comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.
- 11º. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas nin entregada ou cedida para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMATV.
- 12º. Facer constar expresamente a colaboración coa CMATV en todos os anuncios e documentos que se elaboren relacionados coas actividades deste convenio.
- 13º. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CMATV en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.
- 14º. Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CMATV

A Vicepresidencia segunda e Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

- 1º. Coordinar a produción de salmónidos no Centro ictioxénico do Veral e a súa liberación



posterior cos procedementos e metodoloxías desenvolvidos pola USC para realizar actuacións de reforzamento poboacional de *Margaritifera margaritifera* nunha bacía cantábrica.

2º. Coordinar e supervisar o reforzamento poboacional de *Margaritifera margaritifera* na bacía do río Ulla que desenvolverá a USC, que se desenvolverá consonte o descrito no anexo I deste convenio.

3º. Designar un técnico/a que actuará como interlocutor entre a Consellería e a USC que establecerá as pautas para a coordinación e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio.

4º. Permitir á USC o uso das instalacións do Centro ictioxénico do Veral para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio.

5º. Asumir os gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos que recaian nestas instalacións do Centro ictioxénico do Veral.

6º. Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso, as pautas para coordinación e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio.

7º. Colaborar nos proxectos de investigación sobre as liñas de traballo incluídas neste convenio, apoiando o aceso a convocatorias públicas e privadas de nivel autonómico, nacional e/ou internacional para a execución dos mesmos.

8º. Colaborar e participar xunto coa USC nos actos de difusión e comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.

9º. Financiar as actividades definidas no convenio.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A CMATV achegará á finalidade deste convenio a cantidade de cento cincuenta e dous mil cincocentos euros (152.500 €), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e coa seguinte distribución por anualidades que se indica a continuación:



Aplicación orxamentaria	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Anualidade 2026
08.03.541B.444.0. (código proxecto 2016 00362)	2.500 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €

Esta achega, que supón o 58,44% do importe total do proxecto que se detalla no anexo I, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia, a USC na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante a CMATV a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a USC asume como beneficiaria as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez



rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMATV o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables, de acordo co recollido no anexo II deste convenio, e se realicen durante o período de vixencia do presente convenio.

De acordo co establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase un único pagamento anual do seguinte xeito:

- Para o ano 2023: Pagamento dos gastos realizados desde o 16 de outubro de 2023 ata o 30 de novembro de 2023, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2023 a USC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos (conta xustificativa coa relación detallada dos gastos imputados ao convenio, nóminas e facturas) xunto cunha memoria explicativa das actividades do proxecto desenvoltas, o seu grao de execución e custo das actividades realizadas. O contido mínimo da memoria explicativa e a súa presentación deberá axustarse ao descrito no anexo III deste convenio.
- Para o ano 2024: Pagamento dos gastos realizados desde o 1 de decembro de 2023 ata o 30 de novembro de 2024, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2024, a USC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos (conta xustificativa coa relación detallada dos gastos imputados ao convenio, nóminas e facturas) xunto cunha memoria explicativa das actividades do proxecto desenvoltas, o seu grao de execución e custo das actividades realizadas. O contido mínimo da memoria explicativa e a súa presentación deberá axustarse ao descrito no anexo III deste convenio.
- Para o ano 2025: Pagamento dos gastos realizados desde o 1 de decembro de 2024 ata o 30 de novembro de 2025, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2025, a USC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos (conta xustificativa coa relación detallada dos gastos imputados ao convenio, nóminas e facturas) xunto cunha memoria explicativa das actividades do proxecto desenvoltas, o seu grao de execución e custo das actividades realizadas. O contido mínimo da memoria



explicativa e a súa presentación deberá axustarse ao descrito no anexo III deste convenio.

- Para o ano 2026: Pagamento dos gastos realizados desde o 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2026, a USC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos (conta xustificativa coa relación detallada dos gastos imputados ao convenio, nóminas e facturas) xunto cunha memoria explicativa das actividades do proxecto desenvoltas, o seu grao de execución e custo das actividades realizadas. O contido mínimo da memoria explicativa e a súa presentación deberá axustarse ao descrito no anexo III deste convenio.

2º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

3º. Comunicar á CMATV, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

4º. Reintegrar á CMATV , de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

5º. De acordo co previsto no no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, á USC poderá subcontratar ata unha porcentaxe que non sobrepase do 50% do importe deste convenio.



SEXTA.- REAXUSTE DAS CANTIDADES ASIGNADAS

Os compromisos de gasto recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula cuarta deste instrumento e, sempre que, non aumente o seu número de anualidades, para acompasalos ao óptimo desenvolvemento do convenio e a consecución dos obxectivos fixados, sen que esta redistribución necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio rexerase polo previsto na cláusula novena.

SÉTIMA.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes de ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións deste convenio.

Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A comisión de seguimento poderá, á vista do ritmo de execución do convenio, acordar á redistribución das cantidades asignadas no anexo II deste convenio "Gastos de natureza subvencionable" co obxectivo de acadar o desenvolvemento óptimo do convenio e a consecución dos seus obxectivos.

A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

OITAVA. OBRIGAS DE DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO

En todos os materiais científicos que realicen os autores das investigacións da USC produto deste convenio, aparecerá mención expresa á colaboración da CMATV, salvo renuncia expresa da mesma.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as dúas partes comprométense a facer



menção expresa do presente convenio.

En calquera caso a USC poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en actividades propias da súa función investigadora.

NOVENA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 16 de outubro de 2023 e manterá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2026.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

UNDÉCIMA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscrición do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición. En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto



126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMATV de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A Vicepresidenta segunda e conselleira
de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

Angeles Vázquez Mejuto

Antonio López Díaz



ANEXO I

ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

MÓDULO 1. Elaboración e aplicación dos procedementos e metodoloxías necesarias para coordinar as actuacións de reforzamento poboacional de *Margaritifera margaritifera* nunha bacía cantábrica coa produción de salmónidos no Centro ictioxénico do Veral

Acción 1. Elaboración de metodoloxías e protocolos baseados na experiencia adquirida no cultivo de *Margaritifera margaritifera* na bacía do Ulla

Obxectivo: Poñer a punto a metodoloxía axeitada para a obtención dun stock de xuvenís de *Margaritifera margaritifera* viables para seren utilizados no reforzamento poboacional nas bacías cantábricas.

Acción 2. Aplicación das metodoloxías deseñadas e os protocolos establecidos nunha bacía cantábrica

Obxectivo: Reforzar as poboacións de *Margaritifera margaritifera* nas bacías cantábricas interactuando sinerxicamente co proxecto de repoboación de salmónidos levado a cabo no Centro ictioxénico do Veral.

Metodoloxía: Utilizaranse gloquidios procedentes de poboacións da náíade dun río cantábrico (Eo, Masma, Ouro...) para infestar salmónidos 0+ obtidos no Centro ictioxénico do Veral. Os peixes infestados manteranse no centro, ata o momento da recolección dos xuvenís, que serán posteriormente criados con diferentes metodoloxías na estación. Tamén se facilitará a liberación de peixes infestados, en colaboración co plan de repoboación establecido no Centro ictioxénico do Veral. Valorarase a necesidade de realización dun estudo da diversidade xenética de peixes e náíades da poboación orixe. A metodoloxía definitiva deberá ser acordada previamente pola Comisión de seguimento regulada na cláusula sétima deste convenio.

MÓDULO 2. Reforzamento poboacional de *Margaritifera margaritifera* na bacía do río Ulla

Acción 1: Cría de xuvenís/subadultos coa fin de incrementar o stock para reforzamento poboacional da bacía do Ulla.

Obxectivo: Incrementar o número de individuos para reforzamento poboacional en previsión da mortalidade que se pode producir no momento da liberación.



Metodoloxía: Metodoloxía e protocolos deseñados ao longo das experiencias previas para continuar o cultivo de xuvenís.

Acción 2. Marcaxe dos xuvenís e subadultos a liberar para o seu posterior seguimento.

Obxectivo: Permitir o seguimento dos exemplares liberados nas actuacións de reforzamento poboacional na bacía do Ulla, e estimar indicadores de éxito destas actuacións.

Metodoloxía: Unha vez que os exemplares xuvenís da náide alcancen un estado vital e un tamaño axeitados, poderán ser liberados nalgún tramo da bacía previamente seleccionado. Sempre que o seu tamaño o permita ($>1,5$ cm), estes exemplares serán marcados para facilitar o seu seguimento. A marcaxe poderá levarse a cabo con diferentes metodoloxías como etiquetas de polietileno adheridas á cuncha, Passive Integrated Transponders (PIT tags, Transmisores Pasivos Integrados) ou de algún método con inocuidade testada sobre as náides. Previamente á liberación avaliarase a posibilidade de realizar un estudio dos xuvenís para coñecer a súa diversidade xenética.

Acción 3. Identificación dos tramos da bacía aptos para a liberación de subadultos.

Obxectivo: Localizar aqueles tramos que presenten un hábitat axeitado para a liberación dos xuvenís/subadultos na bacía do Ulla.

Metodoloxía: Para a localización das zonas teranse en conta os rexistros de presenza e abundancia tanto históricos como recentes da especie. Preferentemente se identificarán os tramos nos que exista unha poboación da náide, priorizando aqueles nos que se observe recrutamento nos últimos 10 anos. Avaliaranse como posibles tramos receptores aqueles que se atopen dentro da área potencial de distribución da náide na bacía e nos que durante as mostraxes a realizar se confirme que posúen unhas condicións de hábitat axeitadas para o seu establecemento.

Realizarase unha análise do hábitat no tramo elixido tendo en conta factores como o tipo e o grado da cobertura arbórea, a distancia a focos de contaminación difusa ou puntual, a presenza de especies exóticas invasoras ou a calidade da auga e do leito fluvial a través dunha análise físico-química previa.

Acción 4. Liberación de xuvenís/subadultos nos tramos idóneos identificados previamente.



Obxectivo: Reforzar as poboacións de *M. margaritifera* en zonas que cumplan os requisitos de hábitat para a especie.

Metodoloxía: Os xuvenís ou subadultos criados no Centro ictioxénico do Veral introducíranse na zona do río seleccionada tal e como se describe na Acción 2 deste módulo. Xeorreferenciárase con precisión métrica a súa localización para facilitar o seu posterior seguimento. A zona seleccionada na que se levará a cabo a liberación dos xuvenís ou subadultos deberá ser acordada previamente pola Comisión de seguimento regulada na cláusula sétima deste convenio.

Acción 5. Seguimento e avaliación das poboacións reforzadas.

Obxectivo: Avaliar o éxito da introducción dos xuvenís/subadultos ao longo do tempo

Metodoloxía: Con periodicidade mínima anual e sempre que o caudal do río así o permita, realizarase unha mostraxe de recaptura dos individuos marcados. Os exemplares extraeranse do leito fluvial para seren medidos e realizar así un seguimento do seu crecemento anual, sempre e cando esta manipulación non supoña risco para a súa supervivencia e existan garantías de se poden volver a soterrar.

O orzamento estimado para o desenvolvemento destas actuacións detállase na seguinte táboa:

Concepto	Custo (€)
Contratación de persoal e desprazamentos	237.300,00
Gastos derivados da adquisición de material de campo e de laboratorio	23.657,00
Total	260.957,00



ANEXO II

GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

1.- Gastos derivados da contratación de persoal e de desprazamentos para a efectiva execución das actividades obxecto deste convenio:

A contía máxima por este concepto será para cada anualidade de:

Concepto	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Anualidade 2026
Contratación persoal para cultivo, traballo de campo e seguimento de xuvenís (nóminas)	2.500 €	47.000 €	47.000 €	47.000 €
Gastos de viaxe e manutención do persoal contratado (desprazamentos a campo para a recollida de peixes e adultos de náíades)	-	1.500 €	1.500 €	1.500 €
Total	2.500 €	48.500 €	48.500 €	48.500 €

2.- Gastos derivados da adquisición de material de campo e de laboratorio:

A contía máxima por este concepto será para cada anualidade de:

Concepto	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Anualidade 2026
Concentrado de algas para alimentación xuvenís e reactivos para derivados nitroxenados	0,00 €	300 €	300 €	300 €
Termógrafos e multiparamétrico de campo	-	1200 €	-	-
Deshumidificador e bombas de circulación	-	-	1.200 €	-
Lupas, microscopios e acuarios	-	-	-	1.200 €
Total	0,00 €	1.500 €	1.500 €	1.500 €



ANEXO III

CONTIDO MÍNIMO DA MEMORIA EXPLICATIVA E PRESENTACIÓN

- Un resumo executivo.
- Unha introdución na que se recolla a xustificación das actuacións obxecto do convenio
- Un apartado de resultados no que se recolla unha descrición pormenorizada das actuacións desenvoltas obxecto do convenio.
- Un apartado de conclusións.
- Un apartado de bibliografía.
- Un apartado de cartografía (de ser o caso)

A memoria presentarase en galego en soporte informático, en procesador de textos WORD ou compatible formatado e en PDF para impresora HP LaserJet ou similar, coas seguintes determinacións:

Tipo de letra:	Xunta Sans 10			
Marxes (cm.):	Esquerda:2,5	Dereita:2,5	Superior:4	Inferior:3
Tamaño do papel:	Estándar A4: 21 cm. X 29,7 cm.			
Posición do número de páxina	Inferior dereita			
Espazado interliñal:	1,5 liñas. Espazado sobre o parágrafo: 0,36 liñas. Espazado baixo o parágrafo: 0,36 liñas.			

A información primaria, gráfica e cartográfica dos traballos entregarase en soporte informático de acordo cos seguintes criterios:

- Xunto cos ficheiros dixitais deberá anexarse un documento en formato pdf ou word ou compatible no que se especifique claramente a estrutura de carpetas e subcarpetas que se entrega, así como o tipo de ficheiros que conteñen.
- A información xeoreferenciable debe ser entregada nun ficheiro SHAPEFILE para a incorporación inmediata a un sistema de información xeográfica.



- O sistema de referencia para toda a cartografía, así como calquera lista de coordenadas ou base de datos xeográfica, deberá estar referida ao sistema de coordenadas UTM ETRS89 FUSO 29 (EPSG:25829).
- Os ficheiros de cartografía deben de contar cos metadatos necesarios para facilitar a procura, catalogación e comprensión da información de acordo co modelo que será achegado pola persoa responsable do contrato, que debe incluír unha explicación de cada unha dos campos de atributos.
- As fotografías deberán anexarse nos arquivos orixinais xeoreferenciados directamente ou mediante unha táboa que relacione arquivos coas coordenadas xeográficas das fotografías.

As táboas cos resultados das actuacións do convenio entregaranse en formato EXCEL ou compatible e irán así mesmo acompañadas dunha explicación da información contida en cada campo ou columna e as súas posibles categorías.

As bases de datos entregaranse en formato ACCESS ou compatible e irán así mesmo acompañadas dunha explicación da información contida en cada campo e as súas posibles categorías.

Todos os códigos (*scripts*) das análises realizadas no entorno da aplicación R e de calquera aplicación adicional empregada nas análises na que sexa preciso crear un código específico para a análise (WinBUGS, OpenBUGS, JAGS, Nimble, Stan, INLA, etc) serán entregados nos arquivos orixinais ou ben en formato de texto (.txt).

